

2022

ANO
INTERNACIONAL
MARÍA CASARES

MEMORIA DE
ACTIVIDADES



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



Alcaldesa da Coruña • Inés Rey García
Directora da Área de Cultura • Bettina Kohlhaas
Coordinador de actividades Ano Internacional • Xosé M. Aldea
Comisaria do Ano Internacional • María Lopo

ORGANISMOS IMPLICADOS EN FRANCIA

Embaixada de España en Francia. París • Oficina Cultural / Instituto Cervantes • IMEC. Institut Mémoires de l'edition contemporaine • BnF. Bibliothèque Nationale de France • MMC. Maison Maria Casarès. Alloue • Avignon. Maison Jean Vilar • Festival d'Avignon • Antena BnF Avignon • Université Avignon. Grupo Gexel • Alliance Française • Catherine Camus

ORGANISMOS IMPLICADOS EN GALICIA / ESPAÑA

Universitat Autònoma de Barcelona • Concello da Coruña • Casa Museo Casares Quiroga • Fundación Luís Seoane • Consello da Cultura Galega • Arquivo Reino de Galicia • Biblioteca Pública Miguel González Garcés • CRTVG • Arquivo de Paz López-Nóvoa • Filmoteca Galega • AAAG. Asociación de actores e actrices de Galicia • Rede de Bibliotecas Municipais do Concello da Coruña



INTRO

No ano 2022, A Coruña celebrou o centenario do nacemento da actriz coruñesa María Casares, unha personaxe pública que tivo unha enorme trascendencia na vida social, cultural e artística na Francia do século XX.

Toda a súa vida estivo marcada pola infancia coruñesa, por ser exiliada debido ao alzamento militar do 36 e por ser filla de Santiago Casares Quiroga (presidente do Consello de Ministros da II República) e Gloria Pérez Corrales, pertencente a unha familia de cigarreiras. Ela mesma dixo que o primeiro e máis doloroso exilio foi cando deixou Coruña con oito anos para ir a Madrid.

María Casares emprende o camiño do seu "segundo exilio" con 13 anos e chega en novembro de 1936 a París, cidade na que estuda teatro e onde sempre se posicionará ao lado das vangardas artísticas e onde sempre mostrará un compromiso ético, político e social coa súa orixe, coas persoas refuxiadas e cos ideais republicanos. Foi a gran dama do teatro francés do século XX. É este ano, o 2022, o seu Ano Internacional.



Identificar María Casares coa Coruña

Recuperar, situar, divulgar e potenciar a figura de María Casares no ideario social da cidade.

Situar A Coruña en Francia a través de María Casares

Vincular A Coruña con París / Avignon / Alloué e fomentar a conexión cultural e social de ida e volta con Europa. Integrar A Coruña nas conexións internacionais de María Casares.

Recuperar a memoria do exilio coruñés

Recuperación da memoria do exilio durante a II República na Coruña ao tempo que se recupera a memoria histórica da República. Contrarrestar o maltrato político e a difamación da que foi obxecto Casares Quiroga e a súa familia, concretamente o sufrido durante o expolio e postración durante o franquismo.

Visibilizar a muller independente

Destacar o papel da muller, de mulleres referentes, na cultura e na vida social. María Casares sempre levou con orgullo e dignidade o feito de ser muller galega e viu a figura da súa avoa cigarreira como encarnación das mulleres independentes, libres e fortes.

Percibir a cultura como ben común

Reforzar o papel da cultura como ben común e benestar social, valorizar o teatro. A propia María Casares di que a biblioteca familiar chegou a contar con 20.000 volumes. No 1936 foi expropiada, roubada e destruída parcialmente.



ACTIVIDADES

23/01 - Presentación en FITUR do Ano Internacional.

22/01 - 28/01 - 29/01 - Directores, compositores e artistas na OSG [con acento francés].

22/02 - Publicación dos cadernos didácticos para centros de ensino.

03/03 - Unha tarde con María en Montparnasse. Audiovisual + Coloquio.

24/03 - Inauguración exposición "María Casares: vivencias de infancia e xuventude 1922 - 1936".

24/03 - Inauguración Nova museografía María Casares na 3ª planta da Casa Casares Quiroga.

01/04 - 29/04 - Directores, compositores e artistas na OSG [con acento francés].

18/04 - Presentación publicación "María Casares: vivencias de infancia e xuventude 1922 - 1936".

30/04 - Les Grands Fantômes. Audiovisual Festival RESIS [con acento francés].

04/05 - Presentación Selo Postal Conmemorativo Ano Internacional María Casares

11/05 - Acto doazón do Fondo Michel Casares coa alcaldesa

12/05 - Inauguración da Exposición "María Casares, actriz océano"

14/05 - Gran Torso/Pléiades. Festival RESIS [con acento francés].

16/05 - Estrea absoluta María Continente. Teatro Rosalía de Castro.

27/05 - Directores, compositores e artistas na OSG [con acento francés].

02/06 - XXVI Premios de Teatro María Casares. Teatro Rosalía de Castro

07/06 - Teatro Casa Hamlet na Casa Casares Quiroga

18/06 - Roteiro "A Coruña emocional de María Casares".

22/06 - Ma patrie Mon Finistere na Fundación Luís Seoane

02/07 - Roteiro "A Coruña de María Casares".

17/07 - Visita o Teatro Colón con María Casares. Visitas teatralizadas (todo o mes)

27/07 - Inauguración da exposición "María Casares en tres actos"

17/09 - IX Encontro Galego de Postcrossing.

22/09 - 29/09 - Reflexos de María. Proposta Escénica en movemento.

06/09 - 09/09 - 13/09 - 27/09 - Acolidas. Conversas na casa de María Casares.

04/10 - Inauguración da exposición da Alliance Française sobre refuxiados.

05/10 - Presentación do libro "María Casares fronte ao espello" de Sabela Hermida. Edicións Xerais.

03/11 - 10/11 - Reflexos de María. Proposta Escénica en movemento.

09/11 - Teatro "Mi querida Vitola. Casa Casares Quiroga"

09/11 - Inauguración de Espectador, María Casares e bicicleta. Cadros de Sofía Gandarías.

12/11 - 24/11 - "...ma patrie mon finisterè. Fragmentos da correspondencia Camus - Casares".

15/11 - Presentación do libro "María Casares, eu son do océano". Edita Son Radiofusión

17/11 - Presentación do libro "O tempo das Mareas", de María Lopo. Consello da Cultura Galega.

21/11 - Estrea de "A muller que viviu mil vidas". Documental de Xavier Villaverde.

21/11 - 22/11 - Encontro Internacional María Casares. Cen anos de vida.

**María Casares:
vivencias de infancia e
xuventude 1922 - 1936**
24/03 - 08/05

**María Casares,
actriz océano**
12/05 - 25/07

Inclúe:

- Visitas guiadas
- Presentación libros
- Diálogos teatralizados
- Résidente privilegiée.
Lecturas en Francés
- Podcast biográfico

María Casares, en tres actos
27/07 - 06/11

**Exposición da Alliance
Française sobre refuxiados.**
04/10 - 31/10

NOV OUT SET AGO XUL XUÑ MAI ABR MAR FEB

Biblioteca Forum Metropolitano
O Teatro. A cultura como ben común

Biblioteca Ágora
María Casares, muller independente

Biblioteca Castrillón
A República (primeiro exilio aos 8 anos)

Biblioteca de Montealto
María Casares e a cultura francesa

Biblioteca Rosales
María Casares e o existencialismo

Biblioteca de Estudos Locais
Durán Loriga **A Coruña na época de María Casares**

Biblioteca Sagrada Familia
Exilio e emigración (segundo exilio aos 14 anos)

ACTIVIDADES REALIZADAS

01

EXPOSICIÓN

MARÍA CASARES. ACTRIZ OCÉANO ITINERARIO VITAL DUNHA EXILIADA

Exposición que presenta a vida e a obra da actriz galega exiliada María Casares dende o seu nacemento en 1922 na Coruña ata o seu falecemento en 1996 na súa casa de La Vergne en Alloue (Francia). Concibida como un achegamento integral á súa figura, a exposición, eminentemente divulgativa, aportou así mesmo materiais de arquivos persoais e institucionais ata o de agora nunca mostrados en Galicia.

O seu obxectivo foi dobre: dunha banda, homenaxear unha das creadoras europeas imprescindibles do século XX e, doutra banda, contribuír a descubrir e a recuperar a través da súa personalidade excepcional a memoria do noso exilio republicano.



Lugar: Kisco Alfonso

Data: 12 maio - 25 xullo

Comisaria: María Lopo

Número de visitantes: **3.622**



ACTIVIDADES DINAMIZADORAS DA EXPOSICIÓN:

Mi querida Vitola. Diálogos teatralizados. María Casares – Santiago Casares.

Espectáculo de aprox. 45 min de duración producido polo Servizo Municipal de Bibliotecas e consistente nunha dramatización en tres partes feita polo Clube de teatro lido da biblioteca Sagrada Familia. A primeira parte está baseada nas cartas de María de nena, a segunda é unha selección do epistolario entre María e Santiago Casares e a terceira unha suposta entrevista a María nos seus últimos anos.

Datas: 26/05, 09/06, 16/06, 21/07
Número de espectadores: **97**



Résidente privilégiée. Lecturas en Francés

Lecturas públicas da autobiografía "Résidente privilégiée" en francés en colaboración coa Alliance Française da Coruña.

Datas: 07/06 - 08/06
Número de participantes: **29**



Podcast biográfico "María Casares: da Coruña a Residente privilegiada".

En colaboración coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia, lectura comentada e dramatizada de textos autobiográficos de María Casares en galego. Cada unha das sesións de gravación do podcast (dispoñible en todas as plataformas dixitais) centrouse nun aspecto fundamental de María Casares:

Cap 1. A infancia na Coruña, con Cora Velasco
Cap 2. O exilio, con Rebeca Solla
Cap 3. O teatro, con María Francelina

Datas: 05-12-19/07
Número de asistentes: **61**



10 Visitas guiadas teatralizadas para público xeral e grupos concertados e 1 visita guiada pola comisaria da exposición

As visitas foron guiadas por Sabela Hermida caracterizada de María Casares vestindo unha réplica do traxe usado pola actriz na obra de "Les Justes" de Albert Camus do ano 1949. Sabela Hermida é actriz e Doutora en Artes Escénicas cunha tese titulada: "O desenvolvemento artístico de María Casares dentro do marco existencialista francés".

Número de asistentes: **191**



Presentacións de libros

Título: María Casares. A impaciencia por vivir
Editorial: Bululú
Autoras: María Canosa, Bea Gregores
Data: 19 de maio

Título: Despois das ondas
Editorial: Galaxia
Autor: Ernesto Is
Interveñen: Manuel Lourenzo e Ernesto Is.
Data: 24 de maio

Título: María Casares. A célebre refuxiada, a descoñecida
Editorial: Aira Editorial
Autora: Arancha Estévez
Interveñen: Arancha Estévez, Carme Vidal, Carlos Airas
Data: 17 de xuño

Número de asistentes: **93**



Catálogo da exposición

Impresión de 500 copias dun catálogo que contén os textos divulgativos así como un rexistro fotográfico dos contidos da exposición permitindo a pervivencia intemporal dos documentos e recursos mobilizados.



Entidades prestamistas de pezas e fotografías para a exposición

Agence Roger-Viollet
Agnès Varda. Ciné-tamaris
Archives Famille Zola
Archives INA (Institut national de l'audiovisuel)
Archivo de la palabra. Radio Universidad Nacional de La Plata
Arquivo Blanca Campos García
Arquivo Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer
Arquivo CRTVG
Arquivo do Reino de Galicia
Arquivo Éliane e Jean-Marie Lavaud
Arquivo Familia De la Fuente
Arquivo Familia De Paz – López-Nóvoa
Arquivo María Lopo
Arquivo Municipal da Coruña
Arquivo Ouvirmos
Arquivo RTVE
Arquivo sonoro de Galicia. Consello da Cultura Galega
Asociación cultural Irmáns Suárez Picallo
Asociación de Actores e Actrices de Galicia
Association Jean Vilar / Maison Jean Vilar
Ateneo Republicano de Galicia
Biblioteca pública da Coruña Miguel González Garcés
Baldomero Moreiras
Casa Museo Casares Quiroga
Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)
Colección María Concepción Naveiro López
Colección Michel e Danielle Casares
Colección Natacha e Charlotte Lévy
Colección privada Catherine Camus
Colección privada Catherine e Jean Camus
Concello da Coruña
Fonds Studio Harcourt (Ministère de la Culture)
Fundación Luis Seoane
La Maison Maria Casarès
Marta Paz
Patrimonio histórico del Instituto-Escuela Sección Retiro (actual IES Isabel la Católica, Madrid)
Photo Laurencine Lot
Sara Lamas
Siro
Sociedade Filatélica de A Coruña

02

EXPOSICIÓN

NOVA MUSEOGRAFÍA NO 3º ANDAR DA CASA MUSEO CASARES QUIROGA

Nova museografía no 3º andar da Casa Museo Casares Quiroga para albergar os materiais orixinais da actriz. Unha intervención para unha mellor adecuación do espazo mediante a reordenación do mesmo e unha ampliación dos contidos en exposición.

Data: marzo

Arquitectura: Insólito Diseño



36 Fotografías restauradas da vida de María Casares
Estudio gráfico: Xosé Manuel Alfeirán e David Carballal
Lugar: Casa Museo Casares Quiroga
Data: 24 marzo - 8 maio

03

EXPOSICIÓN

MARÍA CASARES: VIVENCIAS DE INFANCIA E XUVENTUDE (1922 - 1936)



04

EXPOSICIÓN

... MA PATRIE, MON FINISTÈRE. FRAGMENTOS DA CORRESPONDENCIA CAMUS - CASARES

Unha parte substancial da relación entre María Casares e Albert Camus quedou recollida na relación epistolar que entre 1944 e 1960 mantiveron ambos artistas. Un epistolario composto por 865 cartas que explicita as características das súas personalidades, relata unha historia de amor e aporta elementos para a reflexión do que supón a construción da identidade, o exilio, o traballo creativo e a loita persoal.

Este foi un proxecto audiovisual na súa totalidade. Unha peza que contén gravacións dalgúns dos lugares nos que habitou María Casares sobre os que se superpoñen as voces dunha actriz e actor franceses que len as cartas do escritor e a actriz galega.

Lugar: Fundación Luis Seoane

Data: de Xuño a Outubro.

Comisarios: Silvia Longueira / Tono Mejuto



05

EXPOSICIÓN

EL ESPECTADOR

3 CADROS DE SOFÍA GANDARIÁS

Desde a Fundación Jehudi Menuhin doaron as dúas obras restantes da colección "El Espectador" de Sofía Gandarias, conformando na totalidade unha serie de 3 obras. Foron ubicados na rampla de baixada ao teatro no Ágora.

| Data: 09 de novembro

06

EXPOSICIÓN

MARÍA CASARES EN TRES ACTOS

Exposición de 55 pranchas en banda deseñada organizada en tres bloques:

Inés Vázquez (a infancia), Rubén Rial (madurez) e Dani Xove (o crepúsculo da súa vida).

Data: 27 de xullo - 6 de novembro |



07

EXPOSICIÓN

EXPOSICIÓN DA ALLIANCE FRANÇAISE SOBRE REFUXIADOS

Exposición programada na Casa Museo Casares Quiroga do 4 ao 31 de outubro en paralelo ao programa "Acollidas" que tivo lugar no mesmo espazo.





08

XORNADAS

ENCONTRO INTERNACIONAL MARÍA CASARES, CEN ANOS DE VIDA

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Data: 21 - 22 novembro

Número de visitantes: **178**

Participantes máis destacados
(de esquerda a dereita)

Marion Chénétier-Alev ·
Johanna Silberstein ·
Nathalie Cabrera ·
María Lopo ·
Elisabeth Anglarill ·
Manuel Aznar Soler ·
Esther Lázaro ·

Dúas xornadas de estudo sobre María Casares nas que se reuniron, xusto o día no que se cumprían cen anos do seu nacemento, especialistas na figura, na obra e no universo da actriz.

Nun formato combinado de conferencias, mesas redondas, diálogos, recital poético, representación e proxección, os participantes debatiron sobre a vida en Francia e Galicia da actriz, sobre casas e arquivos, sobre memoria histórica e da Coruña, exilio, así como da carreira teatral e cinematográfica de María Casares.





09

XORNADAS

ACOLLIDAS. REFUXIADOS E CULTURA

Unha constante na vida de María Casares foi o labor de acollida que realizou en París recibindo a refuxiados da Guerra Civil española e a xudeos durante a ocupación nazi.

Partindo do seu exemplo solidario, recreamos na propia casa familiar o que serían as Acollidas a día de hoxe. Contamos con persoas refuxiadas residentes na Coruña, así como con persoas que teñen ou tiveron algunha relación con María Casares.

Presentación e moderación: Loreto Silvoso.

Participantes:

- **Naser S. I. Daoud** (Palestina) con **Ernesto Is** (dramaturgo).
- **Ángela Groos** (Rusia) con **Sabela Hermida** (actriz).
- **Anas Jaber** (Palestina) con **Miguel Anxo Fernán Vello** (poeta e dramaturgo).
- **Maryna Oksanova** (Ucráína) con **Nerea Brey** (actriz).

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Data: 6 - 13 - 20 - 27 novembro

Número de visitantes: **116**



ACOLLIDAS

CONVERSAS NA CASA

DE MARÍA CASARES

Casa Museo
Casares Quiroga

6-13-20-27/10/2022

PRIMARIA


SECUNDARIA

10 EDUCACIÓN CADERNOS DIDÁCTICOS. MARÍA CASARES PARA O ENSINO

Elaboración de 3 cadernos didácticos en formato dixital para os ciclos de primaria e secundaria e un en francés para o ensino deste idioma en institutos de educación secundaria e na Alianza Francesa.

Ao mesmo tempo favoreceremos ás visitas concertadas e guiadas para grupos de estudantes á exposición e as lecturas en francés dentro da exposición "María Casares, actriz océano".

MARÍA CASARES



Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

CADERNO DIDÁCTICO



05.

MARÍA CASARES: VIDA TRIUNFANTE

Fachada da casa de María Casares en La Vergne. Foto: María López

En 1976 María Casares volve a Madrid para preparar a presentación de *El adelfo* de Albert Camú que non poderá facer a súa vez por España ao ser xerente, xa que enferma de hepatitis. Pasa os últimos anos da súa vida en La Vergne, unha casa que comprara no concello rural de Alsace, e que lle tentaba ao paso da súa infancia, en Montrovi. Curiosamente, o canino de Santiago pasa por diante. Ela quería, xunto co seu compañeiro de vida e actor André Schifano, irnos dixerar de París, estar o máis preto posible do Océano. É neste lugar onde comeza a escribir as súas memorias, *Residente Privilegiada*.

AS MEMORIAS

- 1 María Casares revelou, xa na vellez, como unha escritora de grande profundidade a partir da redacción das súas memorias, onde querfa deixar constancia da súa vida. Que características ten este xénero? Cite as memorias doutras persoas famosas?
- 2 As súas memorias levan por título *Residente Privilegiada*, que era o que poñía na súa tarxeta de relevancia española. Por que crees que era "privilegiada"? Completa a súa tarxeta.



Portada das memorias de María Casares



04.

MARÍA CASARES, UNHA VIDA NO EXILIO

María Casares en París, 1948. Arquivo de RAI-LOPAC-NOVA

En 1936, o inicio da Guerra Civil leva a María Casares, xunto coa súa nai, a trasladarse primeiramente a París (Francia).
Nese momento comeza a súa etapa no exilio, con tan só 14 anos, e Francis será o país que como muller e como artista, atopando ali un novo fogar. Non regresará a España ata 40 anos (1976), para representar a obra *El adelfo* de Rafael Alberti. Mais nunca retornará a terra onde a pesar de todo sempre presente nos seus recordos.
En Francia, como xa ocorreu en Galicia, son tres os lugares que marcan a súa vida: París, Camarac

- 1 Cando María Casares viaxa a París coa súa familia, fano acompañados tan só dunha pequena maleta na que levan un par de mantíns de maná, a Constitución da II República, os libros de Shakespeare, uns frascos de colonia e fotos da infancia.
Debouse que levantes ti na túa maleta se che din que tes abandonar a túa casa rapidamente.

QUE É O EXILIO?

O exilio é a separación dunha persoa da terra na que vive.
Coo chegada da Ditadura, moitas persoas foron do seu país polo medo a ser perseguidos ou castigados por pensar de maneira diferente aos que gobernaban.

OS LUGARES DE MARÍA NO EXILIO

París, onde viviu moitos anos e que representa a civilización moderna.

Camarac á beira do mar, recordalle á praia de Bastiaqueiro.

La Vergne, onde pasa a súa etapa máis madura. Ali vive nunha casa que recorda ao Pazo do Río en Montrovi. É onde a herba huelle sempre a lluvia" na que escribe as súas memorias e onde finalmente morre en 1996.



- 2 María repite nas súas memorias constantemente "morrira". Sabes o que significa? Cite as cancións que lle gustan. Podes buscar nun dos web da RAI na seguinte dirección: <https://academiagalega.org/>
- 3 O grupo galego Balaio cantou a canción "Morrira" aos que marcharon. Escóitaa atenuado <https://www.youtube.com/watch?v=ESW6UJ...>

11

BIBLIOTECAS

AS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS NO ANO INTERNACIONAL MARÍA CASARES

As bibliotecas municipais de Coruña sumáronse ao aniversario do nacemento da actriz programando unha serie de actividades enfocadas ao público en xeral e ás persoas usuarias en particular encaixando e complementando a programación municipal.

Biblioteca Forum Metropolitano



- Conferencias divulgativas sobre María Casares.
- Mostras bibliográficas de fondos relacionados con María Casares e o seu contexto.
- Lemos a María Casares: lectura de "Residente privilegiada"; "O tempo das mareas" ou "Memoria de cidades sen luz" entre os clubs de lectura da Rede municipal de bibliotecas.
- "Eu son de aquí" Exposición itinerante en paneis polas bibliotecas da rede. 8 paneis ilustrativos con textos e fotos da vida de María Casares que rotaron polas bibliotecas. De febreiro a decembro de 2022.
- "Mi querida Vitola". Dramatización baseada na correspondencia entre María Casares e Santiago Casares. Foi levada a escena polo club de teatro da biblioteca Sagrada Familia, formado por persoas usuarias das bibliotecas.
- Roteiro "Na Coruña con María Casares". Clubs de lectura da Biblioteca de Durán Loriga.
- Outras propostas online como a guía de lectura dixital sobre Casares, publicacións nos blogues e redes dos clubs de lectura, podcast mensual, vídeo "Na Coruña con María Casares" e versión dixital da exposición "Eu son de aquí"

A EXPOSICIÓN "EU SON DE AQUÍ" NAS BIBLIOTECAS DA CORUÑA E OUTRAS ACTIVIDADES DINAMIZADORAS



Biblioteca Ágora



Biblioteca Castrillón



Biblioteca de Monte Alto



Biblioteca Rosales



Biblioteca de Estudos Locais Durán Loriga



Biblioteca Sagrada Familia





12

DIVULGACIÓN

“EN TRES ACTOS” MARÍA CASARES. PUBLICACIÓN EN BANDA DESEÑADA

Publicación dun libro de banda deseñada de 52 páxinas en branco e negro, baseado visualmente na documentación gráfica existente e que desenvolve a biografía de María Casares nunha estrutura de tres actos, típica da arte dramática.

Para abordar a biografía da ilustre coruñesa, Demo Editorial propuxo a tres autores/as de ampla bagaxe no sector da banda deseñada e a ilustración e guionizados por Manue L. Poy.

- 1º acto. Infancia e adolescencia 1922-1939: Inés Vázquez.
- 2º acto. Xuventude, resistencia francesa, posguerra e consolidación artística 1940-1960: Rubén Rial.
- 3º acto. Un mito mundial ignorado na súa terra 1961 -1996: Dani Xove.

13

DIVULGACIÓN

ÁLBUM - CATÁLOGO “MARÍA CASARES, VIVENCIAS DE INFANCIA E XUVENTUDE. 1922 - 1936”

Data: 16 de abril

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

31 postais da etapa coruñesa da actriz formaron parte deste estoxo que continuará a liña dos editados anteriormente polo Concello para recuperar a memoria gráfica da República na Coruña





14

DIVULGACIÓN SELO POSTAL E MATASELOS ANO INTERNACIONAL MARÍA CASARES



Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Data: 04/05 de maio

Promove: Sociedad filatélica de A Coruña

Unha edición de 1.000 unidades de selos e un mataselos que posteriormente quedará na sede da Filatelia de Madrid a disposición de todos os coleccionistas que o soliciten

15

DIVULGACIÓN IX ENCONTRO GALEGO DE POSTCROSSING

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Data: 17 de setembro

Promove: Diana Pastoriza / Laura Rodríguez

O IX Encontro Galego de Postcrossing xirou arredor da figura de María Casares. Desde o primeiro encontro, que tivo lugar en Ribeira no 2016, estes eventos congregan a postaleiros/as de toda Galicia, pero tamén a persoas interesadas na escrita a man e nesta forma de correspondencia analóxica.





16

DIVULGACIÓN NA CASA DE MARÍA. ACTIVIDADES NA CASA - MUSEO CASARES QUIROGA

07 de xuño | Teatro. Homenaxe a María Casares. Estudio Casa Hamlet.

05 de outubro | Presentación do libro *María Casares fronte ao espello*, de Sabela Hermida. Edicións Xerais.

15 de novembro | Presentación do libro *María Casares, eu son do océano*. Edita Son Radiofusión.

17 de novembro | Presentación do libro *O tempo das Mareas*, de María Lopo. Edita o Consello da Cultura Galega.

17


DIVULGACIÓN / TURISMO

ROTEIROS. A CORUÑA EMOCIONAL DE MARÍA CASARES

Data: 18 de xuño / 02 de xullo

Produce: Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG)

Dúas convocatorias para un roteiro urbano por espazos de especial significado nos primeiros anos de María Casares. Guiado polo historiador Emilio Grandío e a investigadora María Lopo, contou coa participación do actor Gonzalo Uriarte, quen se encargou de ler as cartas que Santiago Casares Quiroga escribiu á súa filla. Pola súa banda, Matilde Blanco púxolle voz á propia Casares ao ler fragmentos das súas memorias *Residente Privilexiada*.



CONTINENTE MARÍA

UN DIÁLOGO CON MARÍA CASARES



18

TEATRO

PRODUCCIÓN TEATRAL "MARÍA CONTINENTE"

Lugar: Teatro Rosalía

Data: 16 de maio. Estrea absoluta

Promove: Ainé Producións e Concello da Coruña

Dramaturxia de Marianella Morena

Dirección de Tito Asorey

Con Melania Cruz e Valdin Yukhnevich

Produción de Touriñán

María Casares preséntasenos nesta montaxe teatral como un continente que ansiamos percorrer, establecendo unha cartografía emocional en base ás súas vivencias, pensamentos e recordos, viaxando a través dun diálogo entre o presente e o pasado para tratar de entendernos mellor como seres humanos creadores e habitantes dun mundo no que non hai tantos anos, os exiliados eran os propios españois.

19

DIVULGACIÓN


UNHA TARDE CON MARÍA CASARES EN MONTPARNASSE. AUDIOVISUAL + COLOQUIO

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Data: 03 de marzo

Número de asistentes: 43

Coloquio posterior ao pase da entrevista que o xornalista Luís Menéndez fixo no ano 1989 a Casares en Montparnasse para o programa "Galica no mundo" da TVG.





20

CINEMA

ESTREA DO DOCUMENTAL "A MULLER QUE VIVIU MIL VIDAS"

Lugar: Teatro Colón

Data: 21 de novembro. Estrea absoluta

Dirección: Xavier Villaverde



21

TEATRO

VISITA O TEATRO COLÓN CON MARÍA CASARES. VISITAS TEATRALIZADAS

Lugar: Teatro Colón

Data: Xullo 2022

Participantes: **273**

Foron 16 visitas guiadas nas fins de semana do mes de xullo nas que unha atriz caracterizada de María Casares percorreu xunto cos visitantes as instalacións interiores do Teatro Colón. Como é un teatro á italiana por dentro? Quen foi María Casares e como era a vida teatral na Coruña dos anos 30? Como cambiou o Teatro Colón desde a súa construción en 1948 até os nosos días?





22

TEATRO

REFLEXOS DE MARÍA. PROPOSTA ESCÉNICA EN MOVIMIENTO

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga
Data: 22/09, 29/09, 03/11, 10/11

Espectáculo creado a partir de fragmentos da peza teatral "Despois das ondas", que se trasladarán a escena empregando diferentes linguaxes: teatro, instalacións audiovisuais, danza e escenas de proximidade e interacción co público.

Actriz: Nerea Brey
Dramaturxia: Ernesto Is

23

TEATRO

PREMIOS DE TEATRO MARÍA CASARES

Lugar: Teatro Rosalía de Castro
Data: 02 de xuño
Promove: AAAG. Asociación de actores e actrices de Galicia



CON ACENTO FRANCÉS

FRISIS

FESTIVAL DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
A CORUÑA

CON ACENTO
FRANCÉS



24

CINEMA

LES GRANDS FANTÔMES.

RESIS. FESTIVAL DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Data: 30 de abril

Empresa Promotora: Festival Resis

Lugar: Casa Museo Casares Quiroga

Yoann Bourgeois entra no Panteón! Adosado ao punto máis alto da cúpula do Panteón, o famoso péndulo de Foucault serve de apoio ao traballo do coreógrafo sobre o movemento e o equilibrio. Metáfora da solidariedade, a proposta artellouse arredor dunha maquinaria rotativa e oscilante que creaba inestabilidade nos acróbatas que se atopaban enriba dela e amosaba o esforzo uns e outros para non deixarse caer.

25

MÚSICA

GRAN TORSO / PLÉIADES / XENAKIS.
RESIS. FESTIVAL DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Data: 14 de maio

Empresa Promotora: Festival Resis

Lugar: Autoridad Portuaria

Co motivo do centenario de Iannis Xenakis (Braila, Rumanía, 1922 - París, 2001) un dos compositores máis relevantes do século XX, o Arxis Ensemble estreou en Galicia a súa obra Pléiades.

26

MÚSICA

FESTA COMBO MAMMA

RESIS. FESTIVAL DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA

Data: 21 de maio

Empresa Promotora: Festival Resis

Lugar: Auditorio A Domus

Un dos compositores vivos máis importantes e recoñecidos de Europa, Raphaël Cendo, presentou un novo cuarteto para saxofons xunto con Sigma Project. Un encargo do Festival RESIS xunto coa SACEM, a Asociación de Autores, Compositores e Editores de Francia.

27

MÚSICA

DIRECTORES, ARTISTAS E COMPOSITORES NA
ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Concertos programados ao longo do primeiro semestre de 2022 con algunha vinculación francesa. Entre eles, os de Fabien Gabel (director) ou o de Edgar Moreau (violonchelista).

O ANO MARÍA CASARES NOS MEDIOS

UNHA EXPOSICIÓN E UN CICLO DE CONFERENCIAS INICIAN AS HOMENAXES DO CENTENARIO

Comezan os actos do ano María Casares

O ano 2022 marca o centenario do nacemento de María Casares, unha das grandes actrices do teatro do século XX. Casares, que xa se converteu en mito e símbolo do teatro galego, será recordada durante todo o ano en diversas actividades que comezan agora a súa andaina cun ciclo de conferencias e unha exposición.



As actividades organizadas polo Concello da Coruña visan a visibilizar os lazos entre María Casares e a cidade.

A cidade da Coruña celebra o Ano Internacional de María Casares

- Coincidindo co centenario do seu nacemento, hai un amplo programa de actividades relacionadas coa actriz exiliada en Francia
- María Casares era filla de Santiago Casares Quiroga, ministro da II República, e foi en Francia a gran dama do teatro



▶ 04:25

Política Comunicación Sociedade Economía M. Ambiente Ciencia Cultura Opinión

María Casares, a gran protagonista cultural da Coruña en 2022

O concello terá un programa de actividades todo o ano centrado nesta artista.
Por E.P. | A CORUÑA | 02/11/2021 | Actualizada ás 14:36

O Concello da Coruña homenaxeará á **artista coruñesa María Casares en 2022** cun amplo programa de actividades durante todo o ano, segundo informou a alcaldesa, Inés Rey, acompañada do **xestor cultural, Xosé Aldea**.

‘Unha homenaxe a unha muller que esixe o lugar que, por xustiza, correspóndelle’, dixo a rexedora, destacando, entre outros aspectos, a súa **‘loita pola igualdade’**. Ademais, definiu a María Casares como unha **‘gran dama do teatro’** e destacou a súa traxectoria como actriz, que desenvolveu en Francia tras exiliarse con 13 anos.

Agora, no centenario do seu nacemento, o Concello programou diferentes actividades para 2022, que inclúen desde **cadernos didácticos, programados en xaneiro, ata unha biografía en banda deseñada** ou a inauguración dunha exposición en maio, no Quiosco Alfonso, con máis de 250 pezas.

A iso, sumaranse visitas teatralizadas, unha **ruta urbana guiada sobre a figura da actriz** ou un encontro internacional que terá lugar en novembro baixo o título ‘María Casares. Cent anos de vida’, segundo explicou Xosé Aldea.

Haberá, ademais, actividades vinculadas con Francia e as bibliotecas municipais incluírán outras na súa programación. Tamén haberá estreas teatrais de obras vinculadas á súa figura nos teatros da cidade.



A alcaldesa da Coruña, Inés Rey, e o coordinador de programación Xosé Aldea, na presentación dos actos do Ano Internacional María Casares.
ANDY PEREZ | [Europa Press](#)

La Voz de Galicia

OFERTA DE VERANO 36mes durante 3 meses [Suscríbete](#)

CULTURA

Expertos y amigos de María Casares analizarán su figura en su centenario

J.S. REDACCIÓN / LA VOZ



María Casares

El Ayuntamiento de A Coruña publica el comic 'María Casares. En tres actos' sobre la vida de la actriz

La alcaldesa de A Coruña, Inés Rey, ha presentado este miércoles la novela gráfica 'María Casares. En tres actos', editada y publicada por el Ayuntamiento de la ciudad herculina en el marco del Año Internacional María Casares 2022.

[Europa Press](#) | [Menciones](#), 27 de julio de 2022, 17:00

f t in GZ v e



EL PAIS

María Casares

TRIBUNA LIBRE

María Casares: la espina del recuerdo

CRISTINA SÁNCHEZ-ANDRADE | 12 FEB 2022 - 05:30 CET

A 100 años de su nacimiento y 26 de su muerte, el Concello de A Coruña dedica un año de homenajes a la actriz, gran dama del teatro exiliada en Francia



María Casares, la gallega que llegó a gran dama del teatro francés, regresa a A Coruña un siglo después

N Redacción NIIUS • A Coruña
14/05/2022 - 17:09h



Retrato de María Casares. AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA

CONTRACULTURA

María Lopo: "A sombra da actriz María Casares tan só pode ser luminosa, é un referente para nós"

María Lopo (Vigo, 1967) é unha das persoas que acurtan a distancia entre as culturas. Tradutora do bretón, así como artífice dunha serie de artigos e iniciativas para o coñecemento mutuo deste país e a Galiza, tamén destacou na tradución de textos en francés ao galego. Porén, pódese que nos últimos anos sexa máis coñecida como investigadora e divulgadora da figura de María Casares, da que editou a correspondencia *Cartas no exilio* (Baía Ensaio, 2008) e o ensaio *O tempo das mareas. María Casares e Galicia* (CCG, 2016, con reedición actualizada este ano), así como a nova versión, con prólogo e notas, de *Residente privilegiada* (Renacimiento, 2022), tradución española das memorias da actriz, que estaban esgotadas das librerías. Dedicou tamén a esta figura a obra teatral *O meu nome é María Casares* (Edicións do Castro, 2007) e este ano, centenario do seu nacemento, comisionou a exposición *María Casares, actriz Océano*, que pode verse até o 25 de xullo no Quisaco Alfonso da cidade da Coruña.



María Lopo no seu libro de María Casares en La Vergée, Francia. © Foto: María Lopo

ENTREVISTA

Arancha Estévez: "Casares ten un punto que non é común na historia doutros exiliados, que é o triunfo"

Arancha Estévez, xornalista e escritora, é a autora da primeira biografía de María Casares que se escribiu en Galiza, xá hai 23 anos. Agora, Aira Editorial publica unha edición revisada aproveitando o centenario da actriz, María Casares: a celebre refuxiada, a descoñecida. O libro é unha excelente ocasión de facer un balance sobre o que sabemos e o que seguimos a ignorar sobre unha actriz gallega que se transformou nunha das principais figuras do teatro europeo do século XX, e para abocar así o camiño que debemos seguir para manter viva a súa memoria.



Arancha Estévez. © Foto: María Lopo

A Coruña reconoce a la actriz María Casares en el centenario de su nacimiento con exposiciones, charlas y un podcast

EP
04/02/22 | 18:21 | Actualizado a las 18:27



La exposición 'Eu son de aquí' itineraria hasta novembro por las bibliotecas de la ciudad

"A Coruña salda unha débeda con María Casares", pero sigue reclamando un espacio para su recuerdo

A Coruña



La alcaldesa, Inés Irey, en la apertura del Congreso Internacional en la Casa Museo Casares Quiroga



María Casares vuelve á Coruña da man de 'Continente María'

03/03/2022

ESPECTÁCULOS 0

No centenario do nacemento da actriz galega máis universal, presentamos este espectáculo que dialoga coa extraordinaria figura de María Casares. A estrea de *Continente María* terá lugar o 16 de maio no Teatro Rosalía de Castro da Coruña.



*"A terra da que
estou feita é Galicia.
Nacín no teatro
de Les Mathurins.
A miña patria é o teatro
e o meu país de orixe
a España refuxiada."*



**Coordinador de actividades
Año Internacional María Casares**

Xosé M. Aldea Moscoso
(consultor cultural)

R/ Ramón del Cueto, 25 - 2º
15002 A Coruña

+34 609 242 112
aldea@ouvirmos.com